



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 456
4 de abril de 2019

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Rexeitamento da iniciativa

■ 45751 (10/PNC-003681)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o peche de dous fornos e a posterior declaración dun ERE de dous anos en Ferroatlántica Cee

[155717](#)

■ 46659 (10/PNC-003751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias referidas ao posible cobramento indebido de facturas de consumo de gas en Lalín por parte da empresa Nedgia

[155717](#)

■ 46921 (10/PNC-003777)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Telefónica-Movistar da habilitación dos sistemas técnicos necesarios para facilitarlles a posibilidade de conexión telefónica e o servizo de internet por cable a todas as persoas residentes no concello de Baralla

[155717](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

■ 48048 (10/PRE-014736)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o grao de execución das sete sendas peonís e ciclistas previstas no Plan Senda 2020 para a comarca de Bergantiños, así como o prazo estimado para a execución das demandadas nos concellos de Laxe e Ponteceso

[155728](#)

■ 48054 (10/PRE-014737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as xuntanzas mantidas entre a Xunta de Galicia, o clúster da conserva e as diferentes empresas para abordar o problema xerado polo novo escenario que se está a producir para o sector en relación co *Brexit* e cos novos competidores de países de fóra da Unión Europea, así como o seu diagnóstico ao respecto e as solucións e as axudas previstas [155731](#)

I 48058 (10/PRE-014738)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 3 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para cumprir o acordo parlamentario referido ás condutas violentas asociadas ao deporte, en particular, no caso da agresión verbal padecida por unha nena nun partido de fútbol entre os equipos de Laxe e Buño [155734](#)

I 48060 (10/PRE-014739)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 3 máis**

Sobre as razóns de que Galicia teña os prezos do leite máis baixos do Estado, a súa relación co descenso do número de produtores e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto [155737](#)

I 48066 (10/PRE-014740)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 3 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego do resultado dos *Trashtag challenges* desenvolvidos na Costa da Morte, no referido á cantidade de residuos localizados, así como as actuacións e as medidas previstas para a súa diminución [155740](#)

I 48072 (10/PRE-014741)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre os datos referidos aos turistas aloxados nos anos 2017 e 2018 nos albergues turísticos públicos e privados de cada un dos concellos galegos, as reclamacións presentadas en relación cos de carácter público e as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto [155742](#)

I 48090 (10/PRE-014742)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a información do Goberno galego respecto do reinicio da actividade mineira na canteira de Casalonga, no concello de Teo, e da dispoñibilidade polo novo titular da concesión das preceptivas autorizacións, e a súa opinión respecto da execución dun plan de restauración ambiental [155744](#)

I 48118 (10/PRE-014743)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca**

Sobre a información do Goberno galego respecto do número de comercios tradicionais que pecharon en Galicia na última década, así como sobre a realización dalgún estudo referido á incidencia da suba dos prezos dos alugueiros no sector [155750](#)



I 48126 (10/PRE-014744)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 3 máis**

Sobre as razóns da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a amortización de prazas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais en diversos distritos forestais de Galicia, así como para non cubrir de xeito provisional as prazas vacantes con persoal interino, e as súas previsións respecto da convocatoria de oposicións a ese corpo [155752](#)

I 48143 (10/PRE-014745)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do proxecto de rehabilitación das vivendas de mestres do concello de Boborás e as súas previsións referidas á achega de fondos para vivendas sociais e para un centro sociocultural, así como sobre a execución de melloras no centro de saúde [155756](#)

I 48145 (10/PRE-014746)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e 2 máis**

Sobre as razóns da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo para non atender as reclamacións dunha veciña de Quiroga referidas á necesidade de axilizar a intervención cirúrxica que precisa para evitar quedar nunha cadeira de rodas e as actuacións previstas polo Sergas ao respecto [155758](#)

I 48162 (10/PRE-014747)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a inseguridade viaria existente no barrio da Ponte, en Chantada, e as necesidades de mellora do tránsito de vehículos, así como sobre as previsións do Goberno galego respecto do apoio ás reivindicacións da veciñanza referidas á construción dunha nova ponte sobre o río Asma [155761](#)

I 48165 (10/PRE-014748)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a adopción das medidas necesarias para o cumprimento do acordo parlamentario referido aos implantes cocleares [155764](#)

I 48169 (10/PRE-014749)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á realización de xestións coas empresas subministradoras de enerxía eléctrica para resolver as deficiencias que presenta a electrificación no medio rural, así como respecto do desenvolvemento dalgunha liña de axudas para as empresas agrogandeiras que precisan melloras na súa subministración enerxética [155766](#)

I 48173 (10/PRE-014750)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o inicio dos traballos de reestruturación parcelaria de Baamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, no concello de Teo

[155768](#)

I 48185 (10/PRE-014751)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de novos recortes de profesorado na Escola de Educación Infantil Fernández Varela, da Pobra do Caramiñal, así como as medidas que propón a Consellería para posibilitar o desenvolvemento do ensino por proxectos e, asemade, atender todo o alumnado con necesidades específicas especiais

[155771](#)

I 48189 (10/PRE-014752)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as razóns das demoras que se veñen producindo no libramento pola Consellería de Sanidade das subvencións concedidas ás asociacións de carácter sociosanitario que se encargan da atención a persoas drogodependentes e con trastornos adictivos, así como a valoración polo Goberno galego da súa incidencia para as persoas que precisan esa atención

[155775](#)

I 48196 (10/PRE-014753)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á existencia de conflictividade en relación coa extracción da mexilla entre colectivos de percebeiros e bateiros dedicados ao mexillón, así como as actuacións previstas para fomentar o consenso e o acordo entre os colectivos que presentan intereses diversos ao respecto

[155777](#)

I 48232 (10/PRE-014754)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para garantir a consolidación, conservación, accesibilidade e posta en valor da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a súa opinión respecto da necesidade de colaborar coas institucións e concellos da contorna para a posta en valor das torres defensivas do sur da provincia de Ourense

[155779](#)

I 48243 (10/PRE-014755)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis**

Sobre os efectos que están a ter os recortes nas políticas de I+D+i na xestión e promoción do talento, a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento dos obxectivos na materia reflectidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, así como os cambios que vai introducir na estratexia de innovación de Galicia

[155784](#)

I 48246 (10/PRE-014756)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación de Alcoa e do conxunto do sector electrointensivo en Galicia, o estado das alegacións formuladas ás modificacións introducidas polo Goberno central en relación co sector e as súas previsións referidas á asunción das demandas dos traballadores de Alcoa

[155787](#)**I 48252 (10/PRE-014757)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre a xestión levada a cabo pola Consellería de Sanidade en relación coa situación da atención á saúde mental, así como as medidas previstas ao respecto

[155790](#)**I 48268 (10/PRE-014758)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das actuacións postas en marcha para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón, as que vai impulsar para evitar a súa deslocalización e a situación na que se atopa o sector industrial na comarca de Ferrolterra, así como as actuacións levadas a cabo para o seu fortalecemento

[155796](#)**I 48293 (10/PRE-014760)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de incidencia da soidade non desexada en Galicia, o número de persoas que se poden ver afectadas e as medidas concretas que se van poñer en marcha na X lexislatura para previla e abordala

[155800](#)**I 48294 (10/PRE-014761)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a data e as razóns da redución da capacidade de aloxamento do albergue público de peregrinos do concello de Betanzos, o prazo previsto para a súa recuperación e a súa situación actual

[155802](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

I Sesión plenaria (día 9 de abril de 2019, ás 10.00 horas)

[155722](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 3 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 45751 (10/PNC-003681)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o peche de dous fornos e a posterior declaración dun ERE de dous anos en Ferroatlántica Cee

BOPG nº 430, do 13.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 46659 (10/PNC-003751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias referidas ao posible cobramento indebido de facturas de consumo de gas en Lalín por parte da empresa Nedgia

BOPG nº 437, do 27.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 46921 (10/PNC-003777)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Telefónica-Movistar da habilitación dos sistemas técnicos necesarios para facilitarlles a posibilidade de conexión telefónica e o servizo de internet por cable a todas as persoas residentes no concello de Baralla

BOPG nº 441, do 06.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 48048 (10/PRE-014736)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o grao de execución das sete sendas peonís e ciclistas previstas no Plan Senda 2020 para a comarca de Bergantiños, así como o prazo estimado para a execución das demandadas nos concellos de Laxe e Ponteceso

- 48054 (10/PRE-014737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as xuntanzas mantidas entre a Xunta de Galicia, o clúster da conserva e as diferentes empresas para abordar o problema xerado polo novo escenario que se está a producir para o sector en relación co *Brexit* e cos novos competidores de países de fóra da Unión Europea, así como o seu diagnóstico ao respecto e as solucións e as axudas previstas

- 48058 (10/PRE-014738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para cumprir o acordo parlamentario referido ás condutas violentas asociadas ao deporte, en particular, no caso da agresión verbal padecida por unha nena nun partido de fútbol entre os equipos de Laxe e Buño

- 48060 (10/PRE-014739)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as razóns de que Galicia teña os prezos do leite máis baixos do Estado, a súa relación co descenso do número de produtores e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

- 48066 (10/PRE-014740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do resultado dos *Trashtag challenges* desenvolvidos na Costa da Morte, no referido á cantidade de residuos localizados, así como as actuacións e as medidas previstas para a súa diminución

- 48072 (10/PRE-014741)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín



Sobre os datos referidos aos turistas aloxados nos anos 2017 e 2018 nos albergues turísticos públicos e privados de cada un dos concellos galegos, as reclamacións presentadas en relación cos de carácter público e as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia ao respecto

- 48090 (10/PRE-014742)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto do reinicio da actividade mineira na canteira de Casalonga, no concello de Teo, e da dispoñibilidade polo novo titular da concesión das preceptivas autorizacións, e a súa opinión respecto da execución dun plan de restauración ambiental

- 48118 (10/PRE-014743)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre a información do Goberno galego respecto do número de comercios tradicionais que pecharon en Galicia na última década, así como sobre a realización dalgún estudo referido á incidencia da suba dos prezos dos alugueiros no sector

- 48126 (10/PRE-014744)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as razóns da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a amortización de prazas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais en diversos distritos forestais de Galicia, así como para non cubrir de xeito provisional as prazas vacantes con persoal interino, e as súas previsións respecto da convocatoria de oposicións a ese corpo

- 48143 (10/PRE-014745)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do proxecto de rehabilitación das vivendas de mestres do concello de Boborás e as súas previsións referidas á achega de fondos para vivendas sociais e para un centro sociocultural, así como sobre a execución de melloras no centro de saúde

- 48145 (10/PRE-014746)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as razóns da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo para non atender as reclamacións dunha veciña de Quiroga referidas á necesidade de axilizar a intervención cirúrxica que precisa para evitar quedar nunha cadeira de rodas e as actuacións previstas polo Sergas ao respecto

- 48162 (10/PRE-014747)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a inseguridade viaria existente no barrio da Ponte, en Chantada, e as necesidades de mellora do tránsito de vehículos, así como sobre as previsións do Goberno galego respecto do apoio ás reivindicacións da veciñanza referidas á construción dunha nova ponte sobre o río Asma



- 48165 (10/PRE-014748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a adopción das medidas necesarias para o cumprimento do acordo parlamentario referido aos implantes cocleares

- 48169 (10/PRE-014749)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á realización de xestións coas empresas subministradoras de enerxía eléctrica para resolver as deficiencias que presenta a electrificación no medio rural, así como respecto do desenvolvemento dalgunha liña de axudas para as empresas agrogandeiras que precisan melloras na súa subministración enerxética

- 48173 (10/PRE-014750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o inicio dos traballos de reestruturación parcelaria de Baamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, no concello de Teo

- 48185 (10/PRE-014751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de novos recortes de profesorado na Escola de Educación Infantil Fernández Varela, da Pobra do Caramiñal, así como as medidas que propón a Consellería para posibilitar o desenvolvemento do ensino por proxectos e, asemade, atender todo o alumnado con necesidades específicas especiais

- 48189 (10/PRE-014752)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns das demoras que se veñen producindo no libramento pola Consellería de Sanidade das subvencións concedidas ás asociacións de carácter sociosanitario que se encargan da atención a persoas drogodependentes e con trastornos adictivos, así como a valoración polo Goberno galego da súa incidencia para as persoas que precisan esa atención

- 48196 (10/PRE-014753)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á existencia de conflictividade en relación coa extracción da mexilla entre colectivos de percebeiros e bateeiros dedicados ao mexillón, así como as actuacións previstas para fomentar o consenso e o acordo entre os colectivos que presentan intereses diversos ao respecto

- 48232 (10/PRE-014754)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para garantir a consolidación, conservación, accesibilidade e posta en valor da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a súa opinión respecto da necesidade de colaborar coas institucións e concellos da contorna para a posta en valor das torres defensivas do sur da provincia de Ourense

- 48243 (10/PRE-014755)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre os efectos que están a ter os recortes nas políticas de I+D+i na xestión e promoción do talento, a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento dos obxectivos na materia reflectidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, así como os cambios que vai introducir na estratexia de innovación de Galicia

- 48246 (10/PRE-014756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación de Alcoa e do conxunto do sector electrointensivo en Galicia, o estado das alegacións formuladas ás modificacións introducidas polo Goberno central en relación co sector e as súas previsións referidas á asunción das demandas dos traballadores de Alcoa

- 48252 (10/PRE-014757)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre a xestión levada a cabo pola Consellería de Sanidade en relación coa situación da atención á saúde mental, así como as medidas previstas ao respecto

- 48268 (10/PRE-014758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das actuacións postas en marcha para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón, as que vai impulsar para evitar a súa deslocalización e a situación na que se atopa o sector industrial na comarca de Ferrolterra, así como as actuacións levadas a cabo para o seu fortalecemento

- 48293 (10/PRE-014760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de incidencia da soidade non desexada en Galicia, o número de persoas que se poden ver afectadas e as medidas concretas que se van poñer en marcha na X lexislatura para previla e abordala

- 48294 (10/PRE-014761)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis



Sobre a data e as razóns da redución da capacidade de aloxamento do albergue público de peregrinos do concello de Betanzos, o prazo previsto para a súa recuperación e a súa situación actual

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 9 de abril de 2019, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 9 de abril de 2019, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 2 de abril de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (doc. núm. 44223,10/PL-000012)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 454, do 02.04.2019

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, de renda social galega (doc. núm. 46311, 10/PPL-000034)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

Punto 2. Comparecencia

48487 (10/CPP-000098)

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

Punto 3. Mocións

3.1 48321 (10/MOC-000135)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Villares Naveira, Luis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47129, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

3.2 48332 (10/MOC-000136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46711, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

3.3 48353 (10/MOC-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47099, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 42462 (10/PNP-003196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

4.2 43484 (10/PNP-003250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

4.3 46671 (10/PNP-003503)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de interese, coas *portas xiratorias* e cos posible casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

4.4 46917 (10/PNP-003525)

Grupo Parlamentario de En Marea



Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

4.5 47818 (10/PNP-003612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

4.6 47995 (10/PNP-003627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

4.7 48070 (10/PNP-003633)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 450, do 27.03.2019

4.8 48111 (10/PNP-003635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e dezaseis deputados/as máis

Sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 450, do 27.03.2019

Punto 5. Interpelacións

5.1 29769 (10/INT-000977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018



5.2 31757 (10/INT-001058)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a política laboral da Xunta de Galicia en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

5.3 43462 (10/INT-001432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de mellora da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 48467 (10/POPX-000139)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns do incumprimento da normativa vixente en materia de transparencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

6.2 48481 (10/POPX-000140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a incidencia do centralismo para o desenvolvemento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

6.3 48482 (10/POPX-000141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a situación na que se atopa o compromiso do Goberno galego respecto das residencias de persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 42134 (10/POP-004895)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis

Sobre as medidas da Xunta de Galicia destinadas a garantir o abastecemento de auga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

7.2 42696 (10/POP-005014)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis



Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas obras en centros educativos da rede pública galega para este exercicio orzamentario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

7.3 45387 (10/POP-005417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación da atención sanitaria na comarca do Condado-Paradanta, no que atinxe aos centros de saúde das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Ponteareas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

7.4 47467 (10/POP-005666)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos

Sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dalgún plan para a protección da saúde humana en relación coa contaminación por lindano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

7.5 48474 (10/PUP-000239)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para o deseño dun plan para abordar a situación da atención á saúde mental en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

7.6 48480 (10/PUP-000240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as razóns dos atrancos que está a poñer o Sergas para a construción canto antes do centro de saúde de Moaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

7.7 46815 (10/POP-005582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas nos anos 2017 e 2018 ao plan para fixar poboación no rural elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

7.8 47943 (10/POP-005722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis



Sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta do comisario de Medio Ambiente da Comisión Europea a unha pregunta dunha eurodeputada galega en relación co posible aumento da superficie forestada con eucalipto en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

7.9 48458 (10/PUP-000238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as consecuencias da vaga de lumes rexistrada en Galicia no primeiro trimestre de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

7.1 046881 (10/POP-005599)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e nove deputados/as máis

Sobre a existencia dalgún contacto doutras administracións coa Consellería do Mar para o asinamento dun convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas respostas ás preguntas escritas formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don José Manuel Pérez Seco sobre, os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso no ano 2016-2017-2018 indícase o seguinte:

No concello de Laracha investíronse 1.406.307 euros no ano 2017, e 803.298 no ano 2018, supoñen un total de 2.209.605 euros.

No concello de Cabana de Bergantiños 281.748 euros, no ano 2017 e a mesma cantidade no ano 2018. Total: 563.496 euros.

A senda de Xornes – Buño – Canta La Rana investíronse 534.339 euros no ano 2017, a cal transcorre polo concello de Malpica na súa maior parte.

No concello de Carballo 1.255.486 euros.

No concello de Laxe, 0 euros, no mesmo período.

En abril do ano 2018, o director da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), na Comisión 2ª no Parlamento de Galicia indicaba que se están a desenvolver na comarca de Bergantiños 7 sendas, que proporcionarán aos veciños case 11 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas. A finais de xullo do mesmo ano puidemos ver á conselleira de Infraestruturas e Vivenda na Laracha inaugurando unha das sendas, e destacando que deste xeito cumpría co seu compromiso de ter rematada a senda antes de fin de ano.

A realidade amosa esa enorme discriminación entre concellos, que resulta aínda máis inxusta cando o plan *Senda 2020* se apoia en 3 eixos estratéxicos:

- Xustiza centrada nas persoas: orientar as actuacións ás necesidades e intereses da cidadanía, como receptor dos servizos da Administración de



Xustiza, pero tamén ao empregado público, facilitándolle os medios para optimizar o seu desempeño.

- A eficiencia dunha administración dixital: Potenciar as vantaxes que ofrecen as ferramentas dixitais para xerar eficiencia e proximidade na Administración de Xustiza.
- Unha administración confiable e sustentable: Abordar a necesidade de medios e infraestruturas, así como garantir a seguridade de acceso e uso de todos os servizos.

Está claro que por parte do Goberno galego se exerce unha discriminación orzamentaria cara aos concellos nos que non goberna o PP, deixando a veciñanza abandonada, xa que en moitos casos as sendas que se propoñen por parte dos concellos son unha necesidade para dotar de seguridade zonas de acceso habitual. No caso do Concello de Laxe, estas están comprometidas polo Goberno galego desde o ano 2015 no que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), solicitou ao Concello de Laxe que identificase as sendas e ou carrís bici necesarios no ámbito deste concello. Estas eran:

A senda “Castrelo-Arrueiro”, (AC-433) na parroquia de Soesto: reiteradamente demandada desde o Concello. Esta actuación beneficiaría tanto aos veciños e veciñas da zona, como a cantidade de visitantes que se recibe na zona, xa que hai que ter en consideración que nese lugar se atopan dúas casas rurais. Consta de dous tramos, sumando entre ambos un quilómetro e medio.

A senda “Conlle” (AC-433) na parroquia de Seranes: neste caso trátase dunha necesidade de seguridade viaria, xa que é moi transitada. Formada por un único tramo, nun núcleo rural illado da vila de Laxe, que melloraría notablemente a seguridade do treito que acompaña a dita estrada.

A senda “Cabo da Area”, (AC-431) trátase dunha senda peonil e ciclista prioritaria xa que conectaría a Vila cunha zona dotada de servizos xerais e equipamentos do municipio: CEIP, pavillón polideportivo, campo de fútbol, zonas verdes e espazos libres.

No caso de Ponteceso existe carencia de sendas peonís en Tella, (AC-423, pk 13.910 a pk 14.080 marxe esquerda, pk 14.100 a pk 14,150 marxe dereita, contorna co colexio Eduardo Eduardo Pondal) (ac-419 pk 7.780 a 10.280), O Couto (ac-424 pk 1.150 a 1.550), Pazos de Arriba (ac-419 pk 2.980 a 3.350), Corme Aldea (pk 6.430 a 7.340), A Bugalleira-Pazos (pk. 380 a 5.190) e Xornes (pk 12.410 a 13.290)



En todos os casos trátase de promover a mobilidade das parroquias veciñas porque son núcleos rurais illados, e de dotar de seguridade viaria as estradas que transcorren por elas.

É difícil atopar o principio de xustiza centrada nas persoas, cando o Goberno de Feijóo destina máis de dous millóns de euros ás sendas na Laracha, e outras sendas, como as de Ponteceso, (Couto, Tella, Bugalleira, Pazos de Arriba e as Cadaveiras, Corme Aldea e Xornes) Laxe continúan a agardar, cando estamos a falar dunha cuestión de seguridade viaria. Cando a Xunta orienta as súas actuacións ás necesidades e intereses da cidadanía, semella que non todos e todas temos os mesmos dereitos, a pesar de que se están a xestionar con cartos públicos.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o grao de execución na comarca de Bergantiños das 7 sendas, que proporcionarán aos veciños case 11 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas, do plan Senda 2020?

2ª) Cando se van executar as sendas demandadas polo concello de Laxe?

3ª) Cando se van executar as sendas demandadas polo concello de Ponteceso?

4ª) Por que o Goberno galego cumpre cos compromisos adquiridos na Comarca de Bergantiños cos concellos de Malpica, Cabana e A Laracha gobernados polo PP, e non cumpre os adquiridos cos concellos de Laxe e Ponteceso, gobernados por outras forzas políticas?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 11:44:01

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/03/2019 11:44:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2019 11:44:23



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O sector da conserva é extremadamente relevante na economía de Galicia. Con preto de 16.000 persoas traballadoras en Galicia. A facturación do sector ascende anualmente a preto de 1,7 millóns de euros. A estrutura empresarial preséntase moi polarizada, xa que coexisten grandes multinacionais moi internacionalizadas cun elevado número de Pemes. Trátase dun sector concentrado, xa que o 18 % do total das empresas, concentran o 75 % da cifra de negocios e o 70 % do emprego. Estes datos foron extraídos do informe elaborado polo Clúster ANFACO-CECOPECA no ano 2018.

De cara ás novas ameazas coas que se enfrenta o sector, na axenda 2030 publicada polo Goberno central, a UE ten un papel fundamental para orientar a globalización cara á inclusión e a sostibilidade, promovendo un comercio internacional aberto e baseado en regras transparentes e xustas. Por unha banda, supón a necesidade de exixir aos países dos que proceden as importacións o cumprimento e o respecto polas normas internacionais que garanten ás persoas traballadoras unhas condicións de traballo dignas, seguras e saudables,; Por outra débense eliminar as prácticas comerciais que consisten en vender por debaixo dos custes de fabricación.

Por parte do Goberno galego existen responsabilidades relativas á mellora da competitividade das empresas galegas, accións que se poden levar a cabo desde o noso territorio, entre outras cousas, porque a Xunta ten competencias en política industrial. Porén é necesario crear un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca. Neste plan deben participar todos os axentes implicados, e xirará arredor de tres piares básicos, a innovación, a formación e o financiamento, nel teranse en conta as variables propias da situación xeográfica de Galicia porque dela derívanse temas tan importantes como a eficiencia loxística e o establecemento de alianzas estratéxicas.

En canto á innovación é preciso incrementar as dotacións dos incentivos económicos dirixidos ás empresas e aos centros de investigación e innovación e establecer programas específicos de fomento de I+D+i **privado** coordinado cos centros públicos de investigación, para o desenvolvemento de tecnoloxías, que permitan as conexións necesarias á Internet.



É preciso continuar traballando na procura de valor engadido, no aumento da calidade dos produtos e na procura de posibles futuros nichos de mercado, así como nas propostas innovadoras de mercadotecnia.

Respecto á formación, hai que salientar, por unha banda a necesidade de desenvolver plans de formación para ocupados no sector da conserva, que permitan mellorar as capacidades dos cadros de persoal e incrementar a capacidade competitiva; e por outra, formar a persoas desempregadas para podermos contar con bolsas de persoal formado que se poida incorporar en calquera momento. Nesta liña non nos debemos de esquecer da importancia que ten a formación na FP-Dual, un eido fundamental que debe vincular a formación recibida polo alumnado ás demandas do sector da conserva.

Por último, en canto ao financiamento, débense desenvolver liñas de axuda ás empresas en dificultades, pero tamén financiar aqueles proxectos que lles permitan ser máis competitivos fronte ás empresas do exterior. Débense revisar as condicións das axudas das concesión, vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas, e impedindo a súa utilización para favorecer a marcha das empresas fóra de Galicia.

Un plan conxunto de tres piores, que reflicte as responsabilidades dun Goberno que é o que xestiona os fondos e recursos públicos.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Xunta de Galicia do novo escenario que se está a producir en torno á industria da conserva en relación co Brexit, e a aparición e consolidación de novos competidores procedentes de países de fóra da UE?

2ª) Ten mantido reunións a Xunta de Galicia co Clúster da Conserva e diferentes empresas para abordar este problema?

3ª) Cal é o diagnóstico da Xunta de Galicia sobre esta situación?

4ª) Cales son as solucións e axudas que se contemplan?

5ª) Foron estas solucións definidas en colaboración cos diferentes axentes económicos e sociais, se for o caso, en que termos?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo se 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 12:02:20
Nº Rexistro: 48054
Data envío: 22/03/2019 12:02:20.241

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 11:57:47

Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2019 11:57:58

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGuhLc1rNp0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O acontecido nun partido de fútbol no que se enfrontaban os equipos de Laxe e Buño, na categoría alevín, fútbol 8 Primeira Galicia (Grupo A Costa) o pasado mes de marzo, resulta bastante preocupante. Unha nena de Laxe sufriu ataques verbais, por parte dunha afeccionada do equipo contrario, simplemente pola súa condición de muller. Isto provocou que a rapaza acabase chorando. Temos que lamentar que isto non se corresponde con un feito illado, senón que na mesma semana tiveron lugar outros acontecementos violentos.

Reflicte o acontecido unha problemática asociada á violencia machista, relacionada con conceptos estereotipados do deporte desde un punto de vista machista e discriminatorio. Isto ten unha importancia fundamental e deben levarse a cabo un conxunto de accións sociopedagóxicas e educativas encamiñadas a difundir actitudes e condutas baseadas en valores universais, especialmente a desenvolver entre os menores de idade.

Así se entendeu polo Grupo Socialista, e xa no ano 2017, en febreiro, aprobábase por unanimidade unha moción deste grupo co seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, dende a Secretaría Xeral para o Deporte, un informe anual de datos sobre a situación e existencia de condutas violentas asociadas ao deporte en Galicia.
2. Constituír un grupo de traballo, coa participación das administracións, federacións, clubs, investigadores, formadores e outros axentes do eido deportivo, que elabore un documento de traballo a partir dunha análise dos datos ofrecidos no informe referido no punto anterior, e propoña as actuacións para levar a cabo.
3. Avanzar na diferenciación de condutas sancionables no deporte adulto, coa aplicación regulamentaria sancionadora, e no deporte de formación, con medidas eminentemente formativas e exemplarizantes.



4. Colaborar coas federacións na formación específica fronte á violencia a clubs, técnicos deportivos, deportistas e todos os axentes implicados no eido deportivo.
5. Promover, a través da dotación de recursos á Secretaría Xeral para o Deporte, a realización e participación en actividades que contribúan a fomentar a educación en valores a través do deporte.
6. Tomar en consideración como valor positivo engadido, a efectos das convocatorias públicas de axudas, e nas colaboracións directas que estime o Goberno galego, as actividades participadas e/ou organizadas polos clubs e asociacións deportivas que teñan como obxectivo contribuír a unha cultura de tolerancia e igualdade a través do deporte.
7. Promover dende as institucións que os distintos axentes participantes no eido deportivo atendan, de maneira especial, ás posibles violencias producidas por motivos de racismo, machismo e/ou ataques á identidade sexual das persoas.»

Dous anos despois e á vista do exposto, non parece que se estean acadando os obxectivos establecidos, por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Levou a cabo o Goberno galego algunha actuación ante a agresión verbal sufrida pola nena de Laxe no partido de fútbol contra o Buño, para “promover desde as institucións que os distintos axentes participantes no eido deportivo atendan, de maneira especial, ás posibles violencias producidas por motivos de racismo, machismo e/ou ataques á identidade sexual das persoas”, tal e como establece o punto 7 do acordo parlamentario?
- 2ª) En caso positivo, cales?
- 3ª) Que conclusións se obteñen da análise de datos ofrecidos no informe anual sobre a situación e existencia de condutas violentas asociadas ao deporte en Galicia, que debería realizar a Secretaría Xeral para o Deporte?
- 4ª) Cales son as actuacións propostas a levar a cabo a partir da análise dos datos ofrecidos no informe anual?
- 5ª) Levouse a cabo algunha actuación de colaboración coas federacións na formación específica fronte á violencia a clubs, técnicos deportivos, deportistas e todos os axentes implicados no eido deportivo, en caso positivo, cales?



6ª) Que actuacións se levaron a cabo pola Secretaría Xeral para o Deporte, para promover a participación en actividades que contribúan a fomentar a educación en valores a través do deporte?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 12:24:09

María Luisa Pierres López na data 22/03/2019 12:24:21

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/03/2019 12:24:33

Julio Torrado Quintela na data 22/03/2019 12:24:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Quinteiro Araujo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre o baixo prezo do leite na nosa comunidade autónoma.

A proposta de renovación dos contratos que fixeron as industrias lácteas defraudou as expectativas dos produtores de leite, que agardaban subidas de entre dous e tres céntimos por litro e se terán que conformar con aumentos que, no mellor dos casos, serán dun céntimo. A meirande parte das granxas xa asinaron acordos que terán validez durante os próximos 12 meses con prezos base entre os 28 e os 30 céntimos, xa que, se non os subscribían, terían quedado sen ninguén que lles recollera o leite.

Ao mesmo tempo que isto acontece, Galicia aumenta a súa produción. Aínda que no conxunto do Estado se moveu un 1,8% menos de leite que no mesmo período do ano anterior, Galicia aumentou o seu volume un 0,5%.

A pesar disto, o balance continúa sendo negativo. Galicia leva máis dunha década á cola de Europa. Durante o mes de xaneiro, a leite galega se pagou a 31,7 céntimos por litro, o mesmo prezo que tiña no primeiro mes de 2018, o que converte á nosa comunidade nunha das rexións produtoras do continente europeo coas cotizacións máis baixas. Galicia é, de feito, a única comunidade do Estado na que o litro de leite se pagou de media por debaixo dos 32 céntimos. A media





española é de 33 céntimos e, noutros lugares, como a Comunidade Valenciana, o prezo supera mesmo os 35 céntimos por litro.

Se tomamos como referencia o prezo medio español, as granxas galegas deixaron de ingresar máis de tres millóns de euros cada mes.

Como consecuencia deste escenario, insostible para os pequenos produtores, no ano 2018 desapareceron 466 produtores lácteos. O ano comezou con 8.014 e rematou con 7.548.

O que sucede non ten ningún sentido. Galicia produce o 40% da produción total de leite do Estado e, non obstante, ten os prezos máis baixos. Isto só pode explicarse pola pésima xestión política do Goberno da Xunta, que non foi quen de ofrecer ao sector lácteo os recursos que precisaba para ser competitivo e viable.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como explica o Goberno da Xunta que, producindo o 40% da leite do Estado, Galicia teña os prezos máis baixos?
2. Que relación manteñen os prezos ínfimos co descenso do número de produtores?
3. Que responsabilidade ten o Goberno no estado do sector?
4. Que pensa facer para mudalo?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2019.





Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/03/2019 12:39:58

David Rodríguez Estévez na data 22/03/2019 12:40:05

Antón Sánchez García na data 22/03/2019 12:40:12

Paula Quinteiro Araújo na data 22/03/2019 12:40:19



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

As redes sociais nos últimos anos échense de retos virais. Un dos máis recentes é o *#trashtag challenge* que consiste en retirar lixo de áreas naturais, tales como praias, bosques ou parques. Basicamente, tómase unha foto antes e outra despois coas bolsas recollidas.

Na Costa de Morte levouse a cabo en varios areais, como en Camelle, Laxe ou Soesto. O lixo recollido correspóndese principalmente con dous tipos de residuos: por unha banda, os propios da actividade mariñeira, como cordas, cordeis, restos de aparello, cortiza; por outra, plásticos.

En canto aos primeiros, os residuos da actividade mariñeira, poden proceder das embarcacións, pero unha boa parte, proceden dos portos, nos que é frecuente ver este tipo de corda pequena, azul ou verde. Esta situación pon de manifesto a necesidade de incrementar a limpeza nos nosos portos, así como a dotación de maior número de contedores, ou incluso valorar a necesidade de levar a cabo formación sobre a xestión de residuos.

Resulta preocupante tamén a chegada constante aos areais de plásticos de pequeno tamaño, algúns destes vense deteriorados o que significa que levan tempo no mar e incluso noutras praias. Outros plásticos están en perfecto estado e semellan proceder da perda de mercancía dalgún mercante.

En calquera caso, a chegada de lixo ás nosas praias e costas é constante. O voluntariado non é suficiente para recoller esta cantidade de residuos, co que cabe preguntarse se por parte do Goberno galego se vai levar a cabo algún tipo de actividade complementaria.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego o resultado dos *#trashtag challenges* desenvolvidos na Costa da Morte, en canto á cantidade de residuos localizados?



2ª) Contempla o Goberno galego a realización dalgún tipo de actividade para reducir a chegada ao mar de residuos procedentes dos portos da Costa da Morte? En caso positivo, cales e cando?

3ª) Contempla o Goberno galego a posibilidade de adoptar algún tipo de medida para reducir os plásticos de pequeno tamaño procedentes do mar, que están a chegar aos nosos areais da Costa da Morte? En caso positivo, cales e cando?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 13:02:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/03/2019 13:02:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/03/2019 13:03:03

María Luisa Pierres López na data 22/03/2019 13:03:14



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os albergues son aloxamentos ben diferenciados con respecto a outros sistemas tanto desde o punto de vista das súas características técnicas como da oferta que presentan aos usuarios, e do papel que representan en determinados ámbitos como elementos substanciais deses ámbitos como xuventude, camiñantes e sendeirismo.

Os albergues actuais nacen coa revitalización do Camiño no derradeiro terzo do século XX, e supoñen o soporte fundamental para que os distintos camiños teñan a infraestrutura básica que permite a súa viabilidade de tal xeito que, a día de hoxe, non se entende ningún dos camiños sen o fenómeno da existencia de albergues.

Este modelo de aloxamento cun custo baixo e cun engadido de convivencia multicultural e vital, supón un modelo de aloxamento totalmente axeitado á actividade de percorrer os camiños a Santiago de tal xeito que a día de hoxe non se pode entender ningún dos camiños a Compostela que non dispoña de albergues.

En Galicia os dous tipos de albergues máis usados son os de carácter público e os de carácter privado.

Os albergues públicos son propiedade das institucións públicas (aínda que a súa xestión estea externalizada en Galicia) e, por norma xeral, non se pode reservar praza nestes albergues; outórgase unha cama aos peregrinos por estricta orde de chegada ao aloxamento.

A diferenza dos públicos, nos albergues privados si se pode chamar con antelación para reservar praza, o que para moitos peregrinos é un seguro para que ao remate da etapa teñan un lugar fixo no que descansar.

Por iso, os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª. Cal foi a número de turistas durante os anos 2017 e 2018 que se aloxaron nos albergues turísticos en cada unha das provincias de Galicia, especificados por concellos?

2ª. Cal foi a número de turistas durante os anos 2017 e 2018 que se aloxaron nos albergues públicos en cada unha das provincias de Galicia, especificados por albergues e concellos?

3ª. Fixeron os turistas, que se aloxaron nos albergues públicos algunha reclamación durante os anos 2017 e 2018, en caso afirmativo, cales, especificadas por albergues e concellos? De ser o caso, que fixo a Xunta de Galicia para resolver estas reclamacións?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/03/2019 13:20:02

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2019 13:20:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao reinicio da actividade na canteira da Casalonga.

Temos coñecemento da reanudación da actividade dentro da explotación da concesión Casalonga II, número 6966, sita no Concello de Teo (A Coruña), que como titular orixinario dos dereitos mineiros de explotación figuraba a empresa Camilo Carballal S.L. A concesión desta explotación vén de ser adquirida pola empresa Grupo TOYSAL, e polo tanto os dereitos mineiros de aproveitamento.

Nos últimos días nos terreos da concesión hai actividade con maquinaria pesada realizando tarefas de limpeza, movemento e amoreado de terra e áridos.

Dada a preocupación social existente na contorna, para unha área de mercado uso residencial, preocupa que o que foi esta explotación mineira, acabe realmente converténdose nun depósito de residuos de diferente tipo de materiais, en base a pretensión de realizar o plan obrigatorio de restauración ambiental da canteira, para acabar sendo un vertedoiro cun elevado impacto ambiental, de salubridade e potencialmente contaminante para a acuíferos da contorna, coma ten sucedido noutros casos semellantes.

Esta canteira atopase sen explotar e nun estado de inactividade e abandono dende hai anos. As condicións de planificación pola que se autorizou a súa explotación,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incluída a avaliación ambiental, o plan de explotación e traballo, e o plan de restauración, xa nada tería que ver co momento actual na que se atopa o xacemento mineiro. Ademais de ter incumplido os prazos da restauración ambiental aprobada no seu día.

Dáse polo tanto un abandono consumado das condicións da canteira, feito propiciatorio, tras bastantes anos, dun proceso de recuperación natural e espontáneo do espazo. Especialmente na parte correspondente á fronte de explotación do monte, que agora posúe un grande oco totalmente inundado, sendo un espazo lacustre que experimentou unha recolonización natural de flora e fauna da zona con auga en circulación e osixenada.

A reanudación da actividade da canteira, implicaría unha complexa actuación de baleirado da auga, de importante impacto ambiental que podería ter consecuencias severas e críticas sobre á propia bacía ou rede hidrográfica á que pertence.

O sentido das restauración ambientais das explotacións mineiras é devolver ditos espazos a unha situación ambiental en coherencia coas características xeomorfolóxicas e naturais dos territorios nas que se atopan, procurando acadar un resultado que respecte a integridade do lugar, e non sendo isto posible pois aportando as mellores ou máis lóxicas solucións de recuperación.

Recórdase que ao abeiro do Real *Decreto* 975/2009, de 12 de xuño, sobre *xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras*, Artigo 7. “Revisión do plan de restauración”, este deberá revisarse cada cinco anos por parte da entidade explotadora e, no seu caso, modificarse de producirse cambios substanciais que afecten ao previsto nel, incluídos





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cambios no uso final do solo unha vez rematado o aproveitamento e que as posibles modificacións notificaranse á autoridade competente para a súa autorización.

Apreciase que a efectos do deseño da restauración ambiental da canteira, conforme ao disposto no artigo 13, “*Medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación de recursos mineiros*”, e dado que agora existe unha lagoa naturalizada, deberíase considerar coma a situación máis propicia de restauración, o facer valer a previsión normativa contida na letra b) deste artigo, dando por favorable a inundación do oco coma unha mellora ecolóxica xa existente, e en calquera planificación e autorización de restauración establecer tan só aquelas medidas para poder manter no tempo con garantías a protección desas augas e a súa biocenose.

Na outra parte da canteira, no treito inferior por debaixo da estrada, e en zonas do perímetro da lagoa, e tendo en conta a existencia de numerosos e suficientes depósitos propios de residuos mineiros, entullos e insumos desaproveitados da extracción, estes constituirían a mellor opción a efectos de ser usados na recuperación ambiental do espazo e do seu posterior revexetado, conforme ao disposto na letra a) do artigo 13. Existindo estes materiais na propia canteira, a posibilidade de autorizar un plan de restauración **a partir do recheo con residuos alleos non mineiros mediante a súa valorización** (lixo de diferente procedencia, neste caso inertes/construción), conforme á previsión do que dispón a letra c) do artigo 13, sería de dubidosa legalidade e entendemos que incumpriría outras disposicións normativas sectoriais. Concretamente vulneraríase o disposto no *Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición*, no seu artigo 13, sobre a posibilidade de “*Utilización de residuos inertes en obras de restauración, acondicionamento ou recheo*” en espazos ambientais degradados, como operación de valorización, pois un dos requirimentos pra poder facelo, **o estipulado na**



letra c), non se cumpriría, xa que constátase *in situ* que existen residuos mineiros propios acumulados na canteira en cantidade suficiente coma para acometer un remodelado do perfil e cotas de altura, para o seu posterior revexetación, sen necesidade de ter que acudir a residuos de valorización de substitución.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Existe constancia na Xunta de Galiza da reanudación da actividade mineira dentro desta concesión?

-Corresponde esta actividade con outras actuacións que puideran resultar non autorizadas?

-De tratarse dunha reactivación extractiva da canteira, conta o novo titular da concesión mineira con todas as autorizacións preceptivas e, entre elas, a presentación e validación por parte da Xunta de Galiza do “Plan Anual de Labores”, conforme ao disposto no artigo 34 da Lei 3/2008, de 23 maio de ordenación da minería de Galicia?

-De tratarse dunha reactivación extractiva da canteira, o novo titular da concesión mineira conta con todas as autorizacións preceptivas e, entre elas, se se fai necesario actualizar as cuestións referidas a actualización do Programa de Vixilancia Ambiental e o Plan de Restauración, en cumprimento das condicións impostas na Resolución de 12 marzo de 2001, da Delegación Provincial de A Coruña, pola que se fai pública a declaración de impacto ambiental desta concesión mineira?

-Considerase axeitado acometer un plan de restauración que contemple o uso mediante valorización de residuos, cando a propia canteira proporciona as condicións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propicias para a restauración ambiental dese espazo degradado, mediante a existencia dunha lagoa naturalizada e a presenza de materiais propios suficientes para rexenerar.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/03/2019 13:57:50

María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2019 13:57:54

Ana Pontón Mondelo na data 25/03/2019 13:57:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/03/2019 13:57:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2019 13:57:59

Noa Presas Bergantiños na data 25/03/2019 13:58:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a protección do comercio tradicional galego.

O incremento de grandes superficies comerciais, a carestía dos alugueiros, a chegada de cada vez máis cadeas comerciais internacionais e negocios tipicamente turísticos son unha ameaza crecente sobre o comercio tradicional do noso país.

A día de hoxe son poucos os establecementos tradicionais que conseguen sobrevivir. Un tipo de negocios que, ao noso entender, debera gozar da máxima protección toda vez que non soamente son unha fonte de emprego nun país no que a inmensa maioría da poboación se ocupa en pequenas e medianas empresas, senón tamén porque estes negocios proveñen de capital autóctono, que normalmente volve invertirse no territorio, e, ademais, porque teñen unha esencia única, un valor engadido que nos diferencia doutros lugares e fan únicas as nosas vilas e cidades.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Ten coñecemento a Xunta de Galicia de cantos comercios tradicionais pecharon na última década?





2.- Ten estudado a incidencia da alza de prezos dos alugueiros sobre o comercio tradicional?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 26/03/2019 11:40:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre a amortización de prazas de AAMM.

Dende En Marea, vimos de denunciar que desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e dende Medio Rural, se realizou unha proposta de amortización de postos de traballo nas que se inclúen 4 prazas de axente que afectarán aos distritos: V- Fisterra, VI -Mariña Lugo, XIII- Valdeorras-Trives e XIX-Caldas-O Salnés. Pola contra estas prazas servirán para a creación de 4 prazas no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Nalgúns destes distritos como a Mariña os axentes ademais son os encargados da vixilancia da praia das Catedrais en Lugo, con motivo da máxima afluencia de visitantes permitida, nos períodos vacacionais (Semana Santa, verán). No caso do XIII, Valdeorras-Trives, ademais da súa complexidade pola extensión e a orografía, producíronse nos últimos días incendios devastadores en Laza, Lobeira, Chandrexa de Queixa, A Mezquita, Viana do Bolo, O Carballiño, A Gudiña, Viana do Bolo, Manzaneda, Cualedro e Padrenda, A Teixeira, Viana y Verín e Manzaneda, todos entre os distritos XII, XIII, XIV e XV.

Entre os traballos que realizan os axentes están a protección, vixilancia e control da superficie dentro da Rede Natura e dos espazos naturais protexidos, control, vixilancia e supervisión dos tecores de Caza, zonas libres de caza, zonas de exclusión, refuxios de fauna, tamén a vixilancia dos coutos de pesca, tramos libres de pesca sen morte, vedados, zonas de desove, encoros, realizan





inventarios e censos de especies cinexéticas e piscícolas, encárganse da protección de especies protexidas (píllara, aguia real...), inspeccionan os danos producidos pola fauna salvaxe (xabaril, lobo, córvidos, corzos), fan informes, actas, e denuncias; así como as vixilancia constante diúrna e nocturna contra o furtivismo de caza e pesca, o control do uso público de montes e ríos, xestión e trampeo de especies invasoras, recollida e transporte de fauna ferida ou en certos casos morta (lobos), xestións de cortas ripícolas na zona de servidume de augas, e xestións de aproveitamentos e obras (cortas, rozas..) en zonas protexidas entre outras.

Non só non se deben amortizar esas 4 prazas, senón que se deberían ampliar os efectivos nestas zonas.

A asociación profesional ve nesta unha decisión unilateral da Consellería, que non se consultou ao persoal afectado: as axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que traballan nestes distritos.

É vital conservar as actuais prazas de Axentes Forestais e Medioambientais que existen en toda Galicia, xa que este servizo actualmente é deficitario pola carga de traballo que este colectivo ten que realizar a diario.

É fundamental que se creen novas prazas para a realización do traballo por parellas, que implique unha mellora na seguridade, na eficacia e na calidade do desenvolvemento das tarefas tanto de carácter administrativo como as de carácter policial.

Denuncia tamén esta asociación APRAFOGA que mentres que na Consellería de Medio Rural se cobren con persoal interino todas as prazas tanto vacantes como non vacantes das que dispoñen na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, non se convocan procesos de oposición para cubrir as actuais prazas vacantes e tampouco se cobren as mesmas con persoal interino.





Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de E Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Que razóns ten a Xunta para amortizar prazas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais nos distritos Distritos V, VI, XIII e XIX?

2.- Pensa a Xunta que ten algo que ver esa eliminación de prazas coas 4 de nova creación no Parque Nacional das Illas Atlánticas? Por que non son estas 4 prazas de nova creación?

3.- Por que non cubre a Consellería de Medio Ambiente de xeito provisional as prazas vacantes con persoal interino?

4.- Vai convocar a Xunta de Galicia oposición ao corpo de axentes forestais e medioambientais facultativos? Cando? En que ano?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 13:10:44

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 13:10:54

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 13:11:00





Marcos Cal Ogando na data 26/03/2019 13:11:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En Marea ten solicitado á Xunta apoio ao Concello de Boborás para a dotación deste cun centro sociocultural.

Nos Orzamentos de 2018, o Concello de Boborás destinou unha partida de 411.145 € para "Adaptación do Edificio de vivendas existentes para uso socio-cultural e recreativo".

Este proxecto foi presentado no Pleno de Orzamentos sen diálogo previo, modificando a intención orixinal de destinar as antigas vivendas de mestres a vivenda social.

Por outra parte, o Centro de Saúde de Boborás precisa melloras, pois non foron suficientes as adecuacións de eficiencia enerxética realizadas en 2017.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben, preguntan á Xunta:

1. Considera a Xunta que o proxecto de rehabilitación das vivendas de mestres de Boborás é axeitada?
2. Vai a Xunta achegar fondos para vivendas sociais en Boborás?





3. Vai a Xunta achegar fondos para o centro sociocultural de Boborás?

4. Vai a Xunta acometer melloras no Centro de Saúde de Boborás?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 26/03/2019 17:30:07

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 17:30:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Unha veciña de Quiroga de 70 anos denunciou publicamente a falta de atención do HULA ante unha doenza que a pode deixar en cadeira de rodas se non se opera.

Segundo se recolle no diario dixital Xornal de Lemos, “a paciente ten dúas hernias discais na L4 e L5, padece dor, produto dunha lumbalxia con irradiación ao membro inferior dereito de carácter incapacitante”.

O seu periplo comezou na primavera de 2017. Logo, despois de varias consultas e probas, en novembro do 2018, cos resultados na man, Traumatoloxía do Hospital de Monforte confírmalle que é precisa unha intervención, para a que ten cita para febreiro do 2019, pero que, como a súa espalda está moi mal, debería axilizarse todo o posible. Dende entón, a familia sinala “vivir un rosario de accións inexplicables e contraditorias. E a desesperación ante o cúmulo de despropósitos”.

A familia reclama no Hospital de Monforte que se lle adiante a cita de neurocirurxía tal e como prescribe o servizo de Traumatoloxía. A reclamación é admitida no rexistro, pero, segundo a familia, non foi tramitada.

Agardando a cita do 6 de febreiro de 2019, o Sergas chama á paciente para retrasar a cita. A consulta posponse ata 3 veces, segundo a familia, xustificándoo con que o neurocirurxián non podía atendela nesas datas.





Unha vez conseguida a cita, segundo a familia, anúncianlle que non operan a maiores de 55 anos e que debe volver ao seu servizo de traumatoloxía, onde lle darían solución á súa doenza. Xestionan unha nova cita no HULA para o 8 de outubro do 2019, mentres acoden a Traumatoloxía, onde lles dá un volante solicitando que se adiante a cita dada para o mes de outubro, pero a resposta por escrito a esa petición é cambiar a cita para finais de novembro.

A familia leva desde entón chamando á xerencia do HULA e a Atención ao Paciente sen recibir resposta.

A situación é grave e, ante isto, a paciente solicita ser atendida e operada o antes posible para deixar de sentir dor e acabar co risco de quedar en cadeira de rodas.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben, formulan as seguintes preguntas á Xunta de Galicia:

- Por que non atende a EOXI de Lugo a reclamación desta veciña?
- Que cantidade de citas anuais se aprazan na EOXI de Lugo en cada servizo do mesmo xeito que a desta paciente?
- Por que se lle traslada a esta paciente que non se opera a maiores de 55 anos?
- Vai o SERGAS aclarar este caso, poñerse en contacto con esta familia, e solucionar o problema da paciente?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Eva Solla Fernández
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 26/03/2019 17:41:54

Eva Solla Fernández na data 26/03/2019 17:42:04

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 17:42:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

A veciñanza do barrio da Ponte, en Chantada, así como a Asociación de Empresarios de Chantada e outros colectivos, denuncian a excesiva presión de tránsito de vehículos por unha zona estreita.

Deste xeito, propúxose que se realizase unha nova ponte para cruzar o río, e así poder peonalizar o barrio, pois, na actualidade, só se pode circular pola Estrada da Ponte, que continúa na LU-P-1801 e que, a pesar do seu pequeno tamaño, é de dobre sentido. Esta vía é a conexión das parroquias do Convento e Camporramiro con Chantada, alén de ser o acceso principal á vila de oito freguesías e de ter un acceso á N-540, converténdose nun dos principais puntos de conxestión do tráfico do Concello.

Ademais do tránsito e deambular a pé propio da veciñanza da zona, súmase o movemento propio de turistas, nomeadamente de peregrinas e peregrinos, ao pasar polo lugar o Camiño de Inverno. Trátase tamén dunha zona de relevancia para Chantada, como é a alameda, e para visitar a igrexa e o mosteiro de San Salvador de Asma, recentemente declarados Bens de Interese Cultural.

Para superar esta problemática, a maioría da veciñanza solicita a construción dunha nova ponte dende o Convento ata Chantada onde se atopa o transformador de Fenosa. Deste xeito, melloraríase o atractivo do conxunto do barrio, ademais de facilitar o goce para a cidadanía do seu patrimonio histórico e cultural. A súa edificación eliminaría os atascos que se producen en determinadas horas; asemade, melloraríase a seguridade viaria en toda a zona.



A veciñanza afectada reuniuse coa Deputación de Lugo para trasladar a oposición a un proxecto de regulación do tránsito mediante semáforos, ao cal tamén fixera alegacións e sobre o que enviaran queixa á Valeduría do Pobo. Tras esta xuntanza, a Deputación freou o seu plan e deu a razón aos colectivos prexudicados, sinalando que se precisaría a colaboración do Concello e autorización da Confederación Hidrográfica.

Tanto a protección do Patrimonio como a promoción turística ou as obras públicas son competencias da Xunta de Galicia.

No PXOU de Chantada xa se contempla a construción dunha nova ponte sobre o Asma.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula as seguintes preguntas á Xunta de Galicia, para a súa resposta escrita:

1. Coñece a Xunta as necesidades de mellora do tránsito de vehículos no barrio da Ponte, en Chantada?
2. Coñece a Xunta a reivindicación dunha nova ponte sobre o Asma?
3. Vai a Xunta apoiar a reivindicación veciñal de distintas parroquias de Chantada sobre unha nova ponte no río Asma?
4. Coñece a Xunta a situación de inseguridade viaria na zona da Ponte en Chantada?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2019.





Asdo.: Paula Vázquez Veroa

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 27/03/2019 10:13:20



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Parlamento de Galicia, en sesión da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, do 2 de xuño de 2009, aprobou por unanimidade unha proposición non de lei co seguinte apartado resolutivo:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1. Que os gastos derivados do mantemento, reposición e conservación do aparataxe implantado sexan sufragados pola Consellería de Sanidade.*
- 2. Facilitar a rehabilitación do paciente implantado con cargos aos presupostos do SERGAS así como os desprazamentos necesarios”.*

Dez anos despois, as persoas afectadas continúan a vivir na mesma situación que entón no acarreamento dos gastos do implante, evitando o Sergas asumir os gastos aos que foi instado polo Parlamento de Galicia na citada comisión.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que non se ten asumido por parte da Xunta de Galicia do aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia sobre os implantes cocleares?
2. Cando ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha as medidas necesarias para que se cumpra o aprobado?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Julio Torrado Quintela na data 27/03/2019 10:17:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/03/2019 10:18:05

Noela Blanco Rodríguez na data 27/03/2019 10:18:09



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na lexislatura do rural, anunciada polo presidente Feijóo no seu discurso de investidura en 2016, os problemas que atopan os cidadás que queren seguir vivindo e traballando no rural son moi numerosos, e na nosa opinión as accións da Xunta de Galicia para axudalos escasas e faltas de coordinación.

No caso das actividades económicas no sector primario, o sector gandeiro presenta problemas específicos; ademais das dificultades para acadar explotacións cun tamaño competitivo na economía globalizada, hai outros vinculados á enerxía e ás dispoñibilidades das TIC.

Cando estas explotacións, fundamentalmente lácteas, pretenden ampliar o seu tamaño para competir mellor, atópanse cunha obvia necesidade de mellorar o seu subministro enerxético, incrementando a súa calidade e a potencia contratada.

Sen embargo, cando solicitan ás empresas subministradoras unha ampliación de potencia no seu subministro eléctrico para mellorar e tecnificar os procesos produtivos, atópanse con demandas económicas desmesuradas por parte das empresas eléctricas.

Trátase de desenvolver proxectos de mellora no subministro imprescindibles para a viabilidade e crecemento das empresas, pero a súa contía fai que as Pemes agrogandeiras de Galicia non podan asumilo, sen poñer en risco a propia viabilidade da explotación.

Na comisión 6ª celebrada o día 28 de febreiro de 2018 acordouse por unanimidade o texto seguinte: "*O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica co fin de que os plans de investimentos anuais contemplan especificamente a singularidade e necesidades do rural galego para continuar coa mellora da calidade da subministración eléctrica.*"

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Que medidas adoptou a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo da comisión 6ª celebrada o 28 de febreiro de 2018?

2ª) É consciente a Xunta de Galicia dos problemas de custo nas melloras no seu subministro eléctrico que teñen que afrontar as Pemes agrogandeiras?

3ª) Cre a Xunta de Galicia que se está a cumprir o deber de servizo esencial do subministro eléctrico nestes casos?

4ª) Ten desenvolvido a Xunta de Galicia algunha liña de axudas para estas empresas agrogandeiras que precisan melloras no seu subministro enerxético?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/03/2019 10:51:30

Raúl Fernández Fernández na data 27/03/2019 10:51:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O 23 de novembro de 2018 aprobouse por unanimidade na Comisión 7ª do Parlamento galego o seguinte acordo:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que estude a posibilidade de iniciar os traballos de reestruturación parcelaria de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, así como de outras zonas que tamén o soliciten, cumprindo cos obxectivos da Lei 6/2011, de 13 de outubro de Mobilidade de terras e da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.”

Cando xa transcorreron catro meses desde a adopción deste acordo, o Grupo Parlamentar do BNG, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións desenvolveu a Xunta de Galiza para iniciar os traballos de reestruturación parcelaria de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño no concello de Teo?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/03/2019 11:19:05

María Montserrat Prado Cores na data 27/03/2019 11:19:09

Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2019 11:19:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 27/03/2019 11:19:11

Noa Presas Bergantiños na data 27/03/2019 11:19:12

Xosé Luis Bará Torres na data 27/03/2019 11:19:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

Na Escola de Educación Infantil Fernández Varela da Pobra do Caramiñal véñense producindo recortes no profesorado que a Consellería de Educación pretende continuar no curso 2019-2020.

A pesar de que a matrícula no curso 2018-2019 só diminuíra en 3 persoas con respecto ao curso anterior, pasando de 75 persoas matriculadas no 2017-2018 a 73 no 2018-2019, a Consellería amortizou 1 grupo e 3 prazas de profesorado.

A isto habería que engadir a desaparición da dedicación da persoa orientadora, antes compartida con outros centros, agora sen dedicación a este que pasa a estar simplemente adscrito ao de Cadreche. A redución afectou especialmente a dous grupos de nenos e nenas, que se viron reagrupados nun único grupo e cambiando de mestra que os titoraba.

Nestes momentos o colexio conta con 4 unidades con 5 persoas mestras e 3 especialistas, unha de Inglés e Psicomotricidade, unha de Audición e Linguaxe e unha de Pedagogía Terapéutica, insuficientes para atender todas as necesidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educativas especiais do centro, posto que a Consellería só contabiliza aquelas que están diagnosticadas, cando a esas idades existen dificultades que carecen aínda de diagnóstico mais hai que atender.

Como as previsións para o próximo curso son que diminúa a matrícula, os pais e nais están moi preocupados posto que desde a Consellería xa se lles anunciou que amortizarían outro grupo, outra praza de mestre e a de PT pasaría a ser compartida con outros centros. Desta maneira, os mesmos nenos e nenas que se viron reagrupados este curso, volverían sufrir novos cambios, a pesar de que a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia indica no artigo 13 que “A persoa titora de cada grupo será designada pola dirección por proposta da xefatura de estudos, entre o profesorado que imparta máis horas de docencia nel. Garantírase a súa continuidade co mesmo grupo de alumnado ao longo do ciclo.”

Por todo o exposto anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-É certo que a Consellería pensa continuar facendo recortes na EEI Fernández Varela?

-Son conscientes na Consellería do deterioro na calidade do ensino que ditos recortes supoñerían, promovendo a masificación e diminuindo a atención ás necesidades educativas especiais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Son conscientes na Consellería de que as medidas de redución de aulas e mestres atentan contra o espírito da orde que regula a Educación Infantil?

-Que medidas propón a Consellería para que na EEI Fernández Varela se poida desenvolver o ensino por proxectos e, asemade, atender a todos os nenos e nenas con necesidades educativas especiais?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/03/2019 17:11:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 27/03/2019 17:11:14

Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2019 17:11:16

Olalla Rodil Fernández na data 27/03/2019 17:11:17

Noa Presas Bergantiños na data 27/03/2019 17:11:19

Xosé Luis Bará Torres na data 27/03/2019 17:11:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

Fai varios anos que as asociacións de carácter sociosanitario que se fan cargo en Galicia na atención a persoas no ámbito das drogodependencias e os trastornos aditivos, atópanse con graves problemas no desenvolvemento da súa actividade pola tardanza da Consellería de Sanidade no ingreso das subvencións que lles outorgan.

Resulta paradoxo que esta falta de celo por parte da Administración, afogue o traballo das asociacións nun problema de saúde pública do que a Xunta non se fai cargo directamente, provocando o abandono das persoas máis vulnerables e necesitadas desta axuda pero tamén o mal trago por parte das e dos profesionais ou persoas voluntarias das asociacións, que ven con impotencia unha situación que a Xunta de Galicia non parece ter interese en solucionar.

Sirva como exemplo do dito anteriormente, a publicación no DOG. o pasado 21 de marzo deste ano, dunha resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se concedían as subvencións neste tema, en virtude dunha Orde do 6 de novembro do 2018 e que aínda a día de hoxe, seguen sen ser ingresadas a estas asociacións.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Cal é o motivo de que ano tras ano se produzan retrasos que afectan directamente ao desenvolvemento da actividade destas asociacións?





- Considera o Goberno que está a facer unha política seria nesta materia cando non pon ningún tipo de solución a esta situación?
- Cree o Goberno que as asociacións poden traballar en boas condicións ao producirse estes retrasos?
- Ten valorado o Goberno como afectan estes retrasos ás persoas que precisan atención?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 27/03/2019 17:55:17



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A extracción de mexilla, debido á súa localización e á convivencia de traballadores do mar dedicados a especies distintas como percebeiros ou como bateiros dedicados ao mexillón, produce interpretacións distintas das situacións e a normativa. Esta posible conflictividade sería facilmente resoluble se a Consellería do Mar tivera por hábito mediar e resolver as cuestións a través do diálogo, a normativización consensuada e o esforzo por fomentar os acordos e non os enfrontamentos, como habitualmente fai.

As situacións de lexítimo conflito de posicións e intereses de colectivos distintos precisa dunha administración resolutiva, que non alimente os enfrontamentos con interese de debilitar ao sector para poder operar con maior poder, e que clarifique as normativas. Son precisamente as normativas as que deben resolver os problemas, e en función delas a Consellería do Mar ten estado ausente das interpretacións que se poden derivar.

A importancia fundamental do sector do mar precisa dunha consellería proactiva tanto na solución de tensións como, aínda mellor, na evitación do seu xurdimento. Existen en torno a 3.400 bateas en Galicia (das que máis de dous terzos están na ría de Arousa, o que evidencia o impacto que ten o sector en determinadas zonas de Galicia). É imprescindible traballar arreo en favor da produtividade do sector, e non poñer dificultades.

Froito destes escenarios de posibles tensións, pequenas e localizadas pero existentes entre colectivos, que se producen sobre a fonte de ingresos de moitos traballadores do mar e, por tanto, sobre cuestións fundamentais, a Xunta de Galicia tense eximido dos problemas. Apenas ten habido resposta as cuestións que os grupos parlamentarios formulan no Parlamento de Galicia, ou ás demandas que as confrarías realizan sobre a propia administración.

Froito desta situación en canto á extracción de mexilla, sería necesario contar cunha Xunta de Galicia máis activa na procura do consenso. No Parlamento de Galicia, en recente sesión da Comisión 8ª, propúxose a votación da creación dunha mesa de negociación co sector para resolver os posibles conflitos



existentes ao fío da extracción de mexilla, froito dunha iniciativa do Grupo Socialista. Esta proposta foi rexeitada polo Grupo Popular.

Por todo o exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que existe algunha conflitividade sobre a extracción de mexilla entre colectivos de percebeiros e bateiros dedicados ao mexillón?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia algunha acción destinada a fomentar o consenso e acordo entre colectivos que presentan intereses diversos sobre a extracción de mexilla?
3. Considera a Xunta de Galicia que a normativa existente sobre a extracción de mexilla é axeitada? Estase cumprindo?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/03/2019 17:56:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de consolidación e intervención arredor da torre medieval de Sande no concello de Cartelle para a súa boa conservación.

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a coñecida como fortaleza ou torre de Sande, unha xoia medieval da nosa historia que se levanta sobre unha superficie rochosa erguéndose a máis de 500 metros de altura.

Esta estrutura constitúe un dos vestixios de arquitectura de funcionalidade militar existentes na comarca, o que salienta a importancia desta na Idade Media. Así mesmo, cómpre recordar que a torre foi declarada como de Interese Turístico Nacional xa no 1949 e atópase tamén baixo a protección da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei nº 16/1985 sobre o Patrimonio Histórico Español.

No ano 2009 a Consellería de Cultura prevía a consolidación e posta en valor das fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terras de Celanova que tería incluído esta torre alén doutros espazos, porén non chegou a





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realizarse. Actualmente, esta construción recollida no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza da Xunta con protección xurídica de declaración de Ben de Interese Cultural.

Tal e como temos insistido as nacionalistas, cómpre recordar que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza recolle no seu artigo 88 como patrimonio arquitectónico “a) Os bens propios da arquitectura defensiva, entendendo por tal todas as estruturas construídas ao longo da historia para a defensa e o control dun territorio do que forman parte. No conxunto da arquitectura defensiva destacan singularmente os castelos, as torres defensivas, as murallas e os muros circundantes urbanos, as construcións defensivas con baluartes e os sistemas defensivos que configuran, os arsenais navais, os cuarteis, as baterías de costa, as polvoreiras e os restos de todos eles, con independencia do seu estado de conservación, de se se encontran soterrados ou descubertos ou de se se integran ou non noutro ben inmovible. Todas estas tipoloxías de inmoables construídos antes de 1849 teñen a consideración de bens de interese cultural.”

Malia estes recoñecementos e a importancia cultural, histórica e patrimonial da torre, actualmente atópase nun estado alarmante que require de intervención por parte das administracións. Veciñanza e colectivos sociais da zona veñen demandando, polo tanto, que as administracións asuman a responsabilidade de levar a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación, garantir a seguridade no seu acceso e contribuír a conservar a memoria colectiva da nosa historia e valorizar o papel dunha zona afectada polo despoboamento do rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia o Partido Popular rexeitar as propostas que ten feito o Bloque Nacionalista Galego en diversas institucións, as necesidades da Torre continúan. Aínda que as nacionalistas entendemos que debера levarse a cabo un proxecto que valorice a importancia desta construción en relación coas construcións similares das comarcas limítrofes, o mínimo é que a Xunta de Galiza asuma a súa responsabilidade canto a unha necesaria colaboración institucional de cara a acadar unha mínima conservación e seguridade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a consolidación, conservación e accesibilidade da Torre de Sande en Cartelle?

Algunha en colaboración co concello? Algunha en colaboración económica co concello?

Considera a Xunta de Galiza preciso colaborar coas demais institucións e concellos da contorna de Cartelle de cara a valorizar as torres defensivas do sur de Ourense no seu conxunto.

Coñece o goberno galego é o actual réxime patrimonial da Torre de Sande e as últimas novidades respecto das persoas propietarias?

Considera a Xunta de Galiza que ten cumprido coas súas obrigas canto á conservación do noso patrimonio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten avaliado o goberno galego a idoneidade de planificar traballos de restauración e conservación para este ben?

Ten avaliado o goberno galego a idoneidade de levar a cabo unha planificación para a valorización deste ben no marco da importancia da arquitectura militar e defensiva nesta zona para o aproveitamento cultural, histórico e turístico?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2019 11:44:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2019 11:45:03

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2019 11:45:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2019 11:45:06

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2019 11:45:07

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2019 11:45:09



Á Mesa do Parlamento

Abel Fermín Losada Álvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e María Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Lamentablemente, a política económica dos gobernos conservadores, tanto en Galicia como en España, desenvolveu un modelo económico, baseado na “devaluación salarial”, é dicir, a baixada dos salarios dos traballadores, especialmente dos menos cualificados, como mecanismo para incrementar a competitividade da nosa economía.

Os Socialistas vimos denunciando esta estratexia, que é equivocada desde un punto de vista económico, e profundamente inxusta, desde un punto de vista ético e social. O resultado é por todos coñecido, unha sociedade máis dual, máis inxusta, cunha progresiva concentración da riqueza, con salarios baixos e precarios, e taxas de beneficio do capital cada vez máis altas.

Non existe ningunha discusión teórica sobre o feito de que o elemento central para facer as economías máis capaces de competir internacionalmente é a innovación. Os datos recentemente publicados polo INE sobre I+D+i correspondentes ao ano 2017 teñen mostrado claramente a opción de política económica tomada polos gobernos conservadores.

Recortes en I+D+i, ou o que é o mesmo, mirar cara ao sueste de Asia ou ao norte de África, no canto de mirar ao norte de Europa. O gasto en I+D+i no ano 2017 situouse en Galicia no 0,89 % do PIB.

Estes datos de I+D+i reflicten, unha vez máis, a estratexia industrial da Xunta de Feijóo, e poñen de novo encima da mesa que a axenda de industrialización do Goberno galego é mera propaganda, cando falamos dun sector estratéxico que perdeu máis de 20.000 postos de traballo desde o ano 2009.

Son datos que seguen a darnos a razón aos que cuestionamos a política industrial da Xunta, Galicia ten o 6 % da poboación de España e o 5 % do PIB, pero o gasto en innovación só supón o 3,6 % do total estatal.

O último informe da Fundación Cotec para a Innovación 2019, sobre o mapa de talento en España, sitúa Galicia á cola de España cun menor uso da innovación



polas empresas, así o I+D+i non se traduce en máis patentes, novos produtos ou exportacións de alto valor engadido.

Somos a segunda autonomía, só por detrás de Estremadura, cun menor impacto do I+D nas empresas, é dicir, a actividade investigadora e innovadora non termina de materializarse en novos produtos.

No seu informe, a Fundación Cotec recomenda que se favorezan políticas públicas dirixidas ao desenvolvemento de novas actividades emprendedoras. Outro sinal do fracaso das políticas de innovación é a escasa capacidade para atraer capital estranxeiro, sendo a terceira comunidade pola cola.

Estes datos confirman que a suposta Axenda Industrial da Xunta non é máis que a historia dun fracaso e a estratexia da internacionalización, sobre todo para atraer capital estranxeiro, unha campaña de publicidade e propaganda; xa que estas estratexias só son posibles en territorios que apostan dunha maneira clara pola innovación.

Recortes sistemáticos no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación que ten efectos moi negativos no ámbito industrial, de servizos e mesmo educativo. Unha menor competitividade do sistema económico, e tamén do sistema universitario; cunha incapacidade obxectiva para desenvolver proxectos de investigación e carreiras investigadoras solventes e sostidas no tempo.

Esta é a terceira lexislatura que non só está perdida para Galicia en termos de I+D+i, senón que estamos a vivir dúas lexislaturas de retroceso grave para a I+D+i da Comunidade Autónoma. De feito, a xestión do Goberno autonómico en I+D+i ten sido criticada pola comunidade científica, pola oposición no Parlamento de Galicia, e mesmo polo tecido produtivo industrial.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Xunta de Galicia que os recortes nas políticas de I+D+i teñen un efecto negativo na xestión e promoción do talento?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que se están a cumprir os obxectivos en termos de investigación e innovación recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia algún reforzo ou cambio na estratexia de innovación en Galicia que reforce a nosa posición como economía innovadora? De ser así, cales serían eses cambios?



Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2019 12:06:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 12:06:18

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/03/2019 12:06:23

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/03/2019 12:06:34





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Desde o BNG estamos preocupadas pola crise industrial que vive o noso país. Preocupadas porque no último ano, mentres no conxunto da economía galega se incrementa a ocupación en 32.300 persoas, a industria galega evoluciona en sentido contrario e sofre unha perda de 3.500 persoas ocupadas. Preocupadas particularmente pola crise da industria electrointensiva pola importancia deste tipo de empresas na nosa economía.

Á situación de empresas como Ferroatlántica ou de Alcoa Coruña, da que falamos agora, evidencian algo agora vén de sumarse a ameaza da multinacional de Alcoa de pechar unha das fábricas de San Cibrao. Esta situación ten xerado unha alarma social pola súa importancia económica para a Mariña Lucense e para todo o país. Se a planta de alúmina en Cervo emprega a máis 500 persoas, a de aluminio fai que o complexo industrial chegue a rondar os 1.200 traballadores. Unha cifra que se eleva a 2000 se temos en conta as auxiliares, que dependen en exclusiva desta matriz.

Recentemente o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego reuniuse co Comité de San Cibrao e trasladoulle a nosa solidariedade e compromiso de asumir como propias as súas reclamacións respecto das mudanzas que deben impulsarse na regulación do sector e ás que en absoluto daba resposta o decepcionante borrador de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estatuto de electrointensivas ao que o BNG, como outras forzas políticas e sindicais, alén da propia Xunta de Galiza, xa alegou.

A urxencia da situación require dunha fronte política ampla na que se asuma o mandato do Comité de San Cibrao e se desenvolvan os máximos esforzos políticos e sociais a prol dunha saída para Alcoa no seu conxunto.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a valoración do goberno galego da situación de Alcoa na Mariña?
- Cal é a valoración do goberno galego da situación de Alcoa na Coruña?
- E do conxunto do sector electrointensivo?
- Ten coñecemento o goberno galego de se as súas alegacións ás modificacións estatais respecto do sector teñen sido en conta?
- Coñece o goberno as demandas dos e das traballadoras de Alcoa? Vainas asumir como propias?
- Cal é o seguinte paso da Xunta de Galiza para blindar a nosa industria?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2019 12:51:26

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2019 12:51:31

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2019 12:51:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2019 12:51:34

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2019 12:51:36

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2019 12:51:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

A Consellería de Sanidade está a despreparar unha actitude manipuladora en plans “sobre o papel” (léase, por exemplo, o de Atención Primaria) que carecen de concreción e dotación orzamentaria e non resolven de modo eficaz as necesidades de saúde de galegas e galegos. Ante eles, unha boa parte das profesionais néganse a ser cómplices das políticas que trouxeron ata aquí o lamentable estado asistencial galego e que en datas próximas se concretarán nunha folga pola defensa da Atención Primaria de Saúde.

Neste contexto, o Movemento Galego da Saúde Mental ven de emitir un informe sobre o estado das dotacións públicas para a atención á saúde mental. Nel constatan as carencias graves na dotación profesional e organizativa actual da rede asistencial. A atención ás necesidades da poboación galega neste eido non é posible sen dotacións suficientes.

O informe do MGSM reflexa que a crise económica producida nos últimos anos e a resposta do goberno á mesma incrementaron os trastornos psíquicos, as problemáticas de saúde mental e o sufrimento insoportable relacionado coas condicións de vida das persoas.

A pesar de que esta era unha consecuencia previsible e anunciada pola OMS, dende a Xunta de Galicia non se seguiu ningunha das súas recomendacións para reducir o impacto sobre a saúde mental da poboación.





Dende o ano 2009, a política de saúde mental en Galicia caracterízase pola parálise do desenvolvemento de recursos asistenciais e plans, polos recortes de prestacións e polo traslado a entes de titularidade privada atencións que correspondían á rede pública. Mentres, os informes sobre consumo de fármacos, frecuentación de servizos e percepción do estado de saúde daban conta do empeoramento da saúde mental de galegas e galegos neste período.

En xuño do 2017, o propio Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) presentou as "Orientacións marco para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental", que destacaban que o futuro plan debería desenvolverse en continuidade cos plans precedentes, e a súa elaboración debía partir da avaliación das necesidades de saúde e estado da rede asistencial.

O informe que o MGSM emitiu para avaliar esas necesidades reflexa que se está a producir un aumento na prevalencia da patoloxía mental. Galicia, xunto con Asturias. Ambas están moi por riba da media estatal.

Entre os anos 2011 e 2017, produciuse un aumento do 45% na porcentaxe de persoas que afirmaron ter un problema de saúde mental de tipo depresivo e foron diagnosticadas por un médico ou médica.

Segundo o xénero, as mulleres duplican a prevalencia observada en comparación cos homes (en 2017, móstranse unhas diferenzas de 14,35 vs 5,99% en ansiedade; 17,49 vs 7,96% en depresión; 3,01 vs 1,8% noutros problemas de saúde mental).

En poboación infantil, ata os 14 anos, obsérvase que mentres que a nivel estatal as cifras diminúen prodúcese unha tendencia contraria no caso de Galicia, aumentando un 17% no caso dos trastornos de conducta entre os anos 2006 e 2017, e do 66% no caso de ansiedade-depresión no mesmo período temporal.





En canto ao xénero, nos trastornos da conduta os nenos teñen maior prevalencia que as nenas, inverténdose esta relación no caso de problemas de ansiedade e depresión.

Estímase que en Galicia hai 6.000 persoas con Trastorno Mental Grave maiores de 18 anos. Case a metade das persoas con trastorno mental de intensidade grave, e 3 de cada 4 con intensidade moderada, non acudiron nin a Atención Primaria nin a Especializada. Isto reflexa un problema, polo tanto, de accesibilidade ós servizos de saúde.

Entre os anos 2000 e 2012-13, produciuse un aumento do 57,4% no consumo de ansiolíticos e do 200% de aumento en consumo de antidepressivos.

A demanda de atención de saúde mental no Sergas foi medrando cos anos. Según datos da Consellería de Sanidade, un total de 8.094 persoas estaban á espera de primeira cita nos servizos de psiquiatría en xuño de 2018, fronte a un total de 4.623 que o fixeran en xuño de 2014.

Este é o contexto do que partimos: aumento moi importante dos problemas de saúde mental que requiren atención especializada, aumento moi preocupante de mortes por suicidio, aumento excepcional do consumo de psicofármacos, dificultades para acceder ós servizos de saúde mental, e inaccesibilidade a tratamentos psicolóxicos, tanto na infancia e adolescencia como en adultos.

Hai, polo tanto, suficientes indicadores sobre o aumento dos problemas de saúde mental, moito máis acusados en Galicia, con respecto á media estatal, como para que se traduzan nunha necesaria análise das necesidades asistenciais e de recursos profesionais e a posta en marcha de plans específicos.

Ao mesmo tempo, o informe do MGSM alerta da necesidade de dotación profesional. Temos no noso país un déficit de profesionais moi irregular en relación coas distintas profesións que traballan de forma especializada no ámbito





da saúde mental: o 12% de déficit en TCAES, do 32% de psiquiatras, do 49 % en psicoloxía clínica e enfermaría, do 68% en terapia ocupacional e do 73.2 % en traballo social.

Por outra banda, as zonas con menor poboación vense practicamente privadas de facultativos especializados nas franxas de idades extremas, tanto da infancia-xuvenil como da atención psioxeriátrica, precisamente de maior vulnerabilidade. O informe tamén identifica unha maior necesidade de dotación de recursos orientados á integración na comunidade dos pacientes con trastorno mental grave.

Ante a situación que describe o informe do Movemento Galego de Saúde Mental da que nos facemos partícipes, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Cal é a política da Consellería de Sanidade de cara a coñecer a situación da atención á saúde mental das galegas e galegos, e a deseñar o plan necesario para abordala con dotación concreta de recursos asistenciais e profesionais?
- 2.- Por que motivo ten que ser unha organización como o Movemento Galego en Defensa da Saúde Mental (e non a propia administración sanitaria) quen elabore os informes necesarios para o coñecemento da realidade asistencial ás persoas con enfermidade mental en Galicia?
- 3.- Cales foron as dotacións orzamentarias e profesionais concretas nos últimos anos desenvolvidas pola Consellería de Sanidade para afrontar o visible repunte de necesidades en materia de saúde mental das galegas e galegos a raíz do sufrimento social infrinxido polo contexto socioeconómico?





- 4.- Que medidas concretas orzamentarias e de dotación profesional desenvolveron para afrontar a demoledora prevalencia dos suicidios en Galicia?
- 5.- Que medidas pensan desenvolver para unha óptima atención á saúde mental infantoxuvenil en Galicia?
- 6.- Que medidas adoptarán para abordar as necesidade psioxerítricas da cada vez máis avellentada poboación galega?
- 7.- Como pensan dignificar a atención integral ás persoas con Trastorno Mental Grave en Galicia, incluíndo os recursos precisos para a súa integración comunitaria?
- 8.- Cales son as medidas que teñen pensado adoptar para compensar as graves eivas de accesibilidade do sistema sanitario público para as persoas con Trastorno Mental Grave e moderado?
- 9.- Cales son as medidas para compensar o grave déficit de especialistas en psicoloxía clínica, psiquiatría, enfermaría, TCAEs, traballadores sociais e terapeutas ocupacionais?
- 10.- Como pensan reducir as listas de agarda para as persoas que, sendo inicialmente diagnosticadas na Atención Primaria de Saúde, agardan por unha cita en recursos especializados en Saúde Mental?
- 11.- Como pensan incrementar a capacidade resolutive da Atención Primaria de Saúde en problemas de saúde mental non graves?
- 12.- Valoraron a idoneidade da incorporación de profesionais da psicoloxía á Atención Primaria de Saúde?





13.- Cales son os recursos públicos que a Administración Sanitaria Galega ten planeado desenvolver para a atención de persoas con Trastornos por Abuso de Substancias?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 28/03/2019 12:50:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta de Poligal en Narón.

O 22 de febreiro de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento do anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta de Poligal en Narón, situada no Polígono das Gándaras.

Esta foi e é unha moi mala nova para unha comarca castigada polo impacto continuos peches e ERES e pola perda de músculo industrial que ten impulsado o modelo económico do Partido Popular conducindo Ferrolterra e o país enteiro a un deserto industrial.

Cómpre recordar que Poligal é un dos principais fabricantes europeos de film de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP). É polo tanto unha empresa estratéxica do punto de vista da fabricación de envases e unha ampla variedade de aplicacións industriais que pode desenvolver un papel estratéxico e de valor engadido.

É unha empresa rendíbel, como demostra que até o último momento tivera previsión de carga de traballo a longo prazo. Así mesmo, esta empresa ten unha fábrica



en Narón ademais de en Arcos (Portugal) e Skarbimierz (Polonia). Esta última posta en funcionamento aínda no ano 2018.

Sorprende polo tanto que esta situación sexa exclusiva para Narón e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos coas forzas sindicais a lectura de que se trata dunha deslocalización encuberta.

No mes de marzo impulsáronse no Parlamento Galego diversos acordos para sumar a prol dunha solución. Consideramos que a Xunta de Galiza debe comprometerse co cadro de persoal na procura dunha alternativa que permita o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que valoración fai o goberno galego das actuacións postas en marcha para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón?

-Como valora o funcionamento e traballo da Mesa constituída?

-Ten xa o goberno galego os resultados dos informes que encargou? Cal é a opinión que lle merecen?

-Coñece a Xunta de Galiza se hai posibilidades dun comprador neste momento? Que vai facer para favorecer unha saída?

-Tense reunido ou vaise reunir a Xunta de Galiza co comité de empresa para ter unha folla de ruta común e coordinada?

-Que actuacións vai impulsar o goberno galego para impedir esta deslocalización encuberta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial en Narón e na comarca da Ferrolterra?

-Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

-Considera a Xunta de Galiza positiva a terciarización da economía das comarcas de Ferrolterra da Coruña e a súa contorna? E do conxunto do país?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2019 13:46:35

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2019 13:46:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2019 13:46:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2019 13:46:44

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2019 13:46:46

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2019 13:46:47



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo datos do IGE, máis de 270.000 galegos e galegas viven sós, 125.000 dos e das cales teñen máis de 65 anos. Debido ao envellecemento poboacional e ás baixas cifras de natalidade, os fogares unipersoais irán en aumento nos vindeiros anos, segundo indican as proxeccións de poboación chegarán aos 347.027 no ano 2031, e serán entón o 31,3 % do total.

A pesares de que non hai datos concretos, moitos deles e delas sofren o que se coñece como soidade non desexada, caracterizada porque as persoas que a padecen presentan unha falla ou déficit de relacións interpersoais, e senten a soidade como algo obrigado, que lles produce sufrimento. Trátase polo tanto dun fenómeno social, dunha experiencia fundamentalmente persoal, polo que a súa abordaxe se volve moi complexa.

Aínda que a soidade a pode experimentar calquera persoa, e existen outros colectivos en risco de padecela, son as persoas maiores as que representan as porcentaxes máis elevadas de soidade, e tamén son as que manifestan esta doenza como unha das súas principais preocupacións.

A soidade non desexada nas persoas maiores ten como causas principais: as dificultades de adaptación á xubilación, desvinculación social, circunstancias familiares adversas (viuvez, falla de contacto e dispersión dos fillos e fillas), perda de redes familiares e comunitarias e problemas de saúde (depresión continuada, enfermidades cardíacas, suicidio, maior taxa de mortalidade, estrés...).

Durante estes últimos anos foron moitas as administracións, dentro e fóra das nosas fronteiras, que puxeron en marcha iniciativas cuxo obxectivo é o de previr e abordar esta problemática, unha das máis coñecidas a creación do “Ministerio da Soidade” no Reino Unido, pero tamén moitas en concellos galegos que elaboraron censos de persoas maiores que viven soas.

Dende o Grupo Socialista consideramos que o problema da soidade non desexada



debe ser abordado de forma global por todas as administracións, consideramos necesario e prioritario tomar medidas para previlo e abordalo, a través dun coñecemento científico e estatístico máis profundo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do grado de incidencia da soidade non desexada na nosa Comunidade Autónoma?
2. Ten datos o Goberno galego a respecto do número de persoas que se poden ver afectadas por esta problemática?
3. Contempla a Xunta de Galicia a posibilidade de poñer en marcha medidas para abordar o fenómeno da soidade non desexada?
4. En caso afirmativo, cales serán as medidas concretas que se van poñer en marcha durante a X lexislatura para previr e abordar o fenómeno da soidade non desexada?
5. Que valoración fai a Xunta de Galicia do programa de acollemento familiar para persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/03/2019 18:09:12

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 18:09:18

Julio Torrado Quintela na data 28/03/2019 18:09:21



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Camiño Inglés ou Camiño dos ingleses é o Camiño de Santiago que ten a súa orixe en Ferrol ou na Coruña. Foi a ruta medieval de peregrinación dos devotos ingleses e doutros lugares do norte de Europa, os cales chegaban en barco aos portos destas cidades e ían por terra ata Santiago.

O Camiño Inglés conta con dúas alternativas, o itinerario desde A Coruña, con 74,7 Km, e desde Ferrol, con 118,7 km; estes dous itinerarios xúntanse á metade de camiño na localidade de Bruma, no concello de Mesía, desde onde continúan xuntos nos últimos 40 km ata Santiago de Compostela.

Na actualidade existe unha rede pública de albergues do Camiño de Santiago en Galicia, entre os que se atopa o albergue público do concello de Betanzos que desde hai varias semanas as instalacións atópanse pendentes da realización de obras nos aseos. Obras que fan que se reduza de 35 prazas ata só 6 prazas ás que se poden atender.

O camiño inglés aumenta a bo ritmo o número de peregrinos cada ano, aínda que lonxe da masificación doutros. Pero cara á proximidade da Semana Santa ao concello de Betanzos preocúpalle a situación que está a sufrir o albergue público.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Desde que data, tivo que reducir a súa capacidade de aloxamento o albergue público do concello de Betanzos, cal foi o motivo?

2ª) Cal é a situación actual na que se atopa o albergue público do concello de Betanzos?

3ª) Cal é o prazo para que o albergue público do concello de Betanzos recupere a súa capacidade de aloxamento?

Pazo do Parlamento 28 de marzo de 2019





Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/03/2019 18:10:25

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2019 18:10:41

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/03/2019 18:10:49





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

